



Área / Unidade MOVILIDAD URBANA MU1100C SVC	Documento 85118I012P	
Código de verificación 	Expediente 851/2024/20	
1Y6D 6H6M 3E0Q 5W59 07FZ	Fecha 05-07-2024	

CONVOCATORIA PÚBLICA ESPECÍFICA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE INICIATIVAS MUNICIPAIS DE APOIO AO SECTOR DO TAXI PARA FINANCIAR GPS, BIOMBOS, AXUDAS PARA VEHÍCULOS ELÉCTRICOS PUROS, VEHÍCULOS CON COMBUSTIBLES ALTERNATIVOS, TAXIS ADAPTADOS E INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE COMUNICACIÓN IMPLEMENTADOS SOBRE NOVAS TECNOLOXÍAS

Asunto: Aprobación da convocatoria 2024 e autorización do gasto

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES

As leis 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) e 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia, atribúen ao Concello da Coruña a competencia para promover toda clase de actividades que contribúan a satisfacer as aspiracións da veciñanza.

O servizo de transporte de viaxeiros e viaxeiras en vehículos auto-taxi é un servizo esencial en calquera cidade, que contribúe enormemente a asegurar o dereito á mobilidade de toda a cidadanía. É por isto que, na busca do interese xeral, as administracións e, en concreto, a Administración Local, por ser a inmediatamente responsábel do servizo, procurarán o seu bo funcionamento, tanto en cantidade como en calidade.

O mundo do automóbil está a vivir unha revolución enerxética: coches híbridos, híbridos enchufabeis, glp, gas natural, eléctricos e demais vehículos de combustible alternativo. Debe terse en conta a elevada porcentaxe que supón o transporte por carretera en Europa de emisións de gases de efecto invernadoiro á atmosfera. Estes vehículos suporán unha mellora na calidade do servizo prestado. É, por tanto, deber da administración municipal, contribuír a esta mellora e intentar fomentar estes modelos máis eficientes enerxeticamente e respectuosos con medio dentro do sector do servizo de auto-taxi.

Así mesmo, o Concello intenta mellorar a calidade na prestación do servizo. Requisito indispensable da calidade é a cobertura horaria e xeográfica total, algo que, en ocasións, resulta complicado debido á inseguridade que atenaza a este sector en franxas horarias nocturnas, ou en determinados traxectos ou destinos. É, xa que logo, deber da administración municipal para mellorar a calidade do servizo e as posibilidades de mobilidade da cidadanía, intentar dotar da maior seguridade posible a este sector.

Unha importante iniciativa neste eido é a extensión a todos os vehículos de auto-taxi da instalación de medios de seguridade, tanto mediante dispositivos GPS, que faciliten a localización do vehículos no caso de emerxencia, como mediante biombos de seguridade. Ambas medidas contribuirán a

incrementar a seguridade no sector, ao acelerar a intervención policial e tamén ao incidir no aspecto disuasorio. Serven tamén para mitigar a brecha de xénero existente no sector.

É por isto que se estima conveniente, dentro da capacidade orzamentaria, contribuír a implantar os ditos medios de seguridade nos vehículos dedicados ao servizo de auto-taxi, mediante a convocatoria de subvencións para a súa instalación, que mitiguen o gasto que supón para os e as titulares de licenzas de taxi.

Con relación á subvención municipal para adquirir Eurotaxis, destinados a persoas con diversidade funcional e/ou sensorial, aparece como necesario cumprir a normativa, tanto estatal como autonómica, en materia de accesibilidade, especialmente o Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, que aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social e a Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia.

A Lei galega, no seu artigo 30, establece que os transportes públicos que sexan competencia das administracións autonómicas ou local, garantirán que o acceso e a utilización se realizará de maneira segura por calquera persoa. Establece tamén que os medios de transporte público garantirán a accesibilidade nos produtos e servizos de uso público que formen parte do material móbil, das infraestruturas ou dos sistemas de información e de comunicación coas persoas usuarias.

No mesmo sentido, o Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, que aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 49, recoñece uns límites mínimos no número de vehículos adaptados, sendo necesario por parte deste Concello, contribuír á implantación dos ditos vehículos subvencionando a súa adquisición.

Finalmente, o art. 35. da Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en relación coas Subvencións públicas dispón que as Administracións públicas, nos plans estratéxicos de subvencións que adopten no exercicio das súas competencias, determinarán os ámbitos en que, por razón da existencia dunha situación de desigualdade de oportunidades entre mulleres e homes, as bases reguladoras das correspondentes subvencións poidan incluír a valoración de actuacións de efectiva consecución da igualdade por parte das entidades solicitantes.

Considerando que o sector do taxi está infrarrepresentado polo sexo feminino, adóptase a medida de dirimir os empates resultantes da valoración das solicitudes a favor daqueles titulares de licenzas que sexan mulleres ou que teñan contratadas mulleres para a prestación do servizo.

Establece o artigo 23 do Decreto 17 de xuño de 1955 que aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, que estas poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares que presten servizos ou desenvolvan actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

O acordo que se propón, pretende aprobar as bases que han de rexer durante o ano 2024 na convocatoria dunha subvención municipal para titulares de licenzas de auto-taxi, que presten servizo dentro do termo municipal da Coruña de:

- **TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €)** por vehículo eléctrico.



Concello da Coruña

- **DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€)** por vehículo con autonomía estendida, vehículo híbrido enchufable e vehículo híbrido.
- **TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00€)** por vehículo destinado a Eurotaxi, para persoas con diversidade funcional.
- **MIL EUROS (1.000,00€)** por vehículo a glp, gas natural e demais de combustible alternativo.
- **CENTO CINCUENTA EUROS (150,00€)** pola instalación de medios de seguridade (biombos e GPS).

O Orzamento Municipal para o exercicio en vigor ten consignado crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 41.4412.779.02 Subvencións transporte público de viaxeiros para esta finalidade.

O crédito consignado nesta aplicación é de **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00 €)**. No caso de que dita achega puidese ser incrementada como consecuencia dunha xeración, suplemento, ampliación ou incorporación de crédito, entenderase ampliada na mesma contía adicional, e sen que se requira nova aprobación, a cantidade global para esta convocatoria.

Con todo, a efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito e ao correspondente acordo de modificación da contía da convocatoria.

En virtude do establecido no artigo 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), o outorgamento de subvencións por este Concello axustarase ás prescricións da citada lei que, no seu artigo 9, dispón que, con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as Bases reguladoras das subvencións da Corporación Local e, así mesmo, deberán aprobarse no marco das Bases de Execución do Orzamento, a través dunha Ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

Cumprindo esta previsión legal, esta convocatoria efectúase segundo o previsto na Ordenanza Específica de Subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP da Coruña, núm. 47, do 26.02.2008)

O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, segundo o teor do establecido no artigo 22 LXS, e a súa iniciación, que será sempre de oficio, realizarase mediante a correspondente convocatoria aprobada polo órgano competente. Esta convocatoria deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.

O artigo 34.1 LXS obriga a aprobar o gasto con carácter previo á convocatoria da subvención.

Pola súa banda, o artigo 19 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece que o procedemento ordinario de concesións de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva, indicando o artigo 20 que o inicio do procedemento se realizará sempre mediante convocatoria aprobada polo órgano competente na que se deberán indicar os créditos orzamentarios aos que se imputa a subvención e a contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos dispoñibles.

A aprobación das base da convocatoria e a autorización do gasto que comporta son competencia da Xunta de Goberno Local, en virtude do establecido no artigo 127.1 g) LRBR que foron delegadas na concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade (acordo delegación do 04.07.2024 publicado no BOP núm. 129 do 05.07.2024).

Polo exposto, de conformidade coa normativa citada, e a proposta emitida polo Departamento de Mobilidade que figura no expediente e facendo uso das facultades delegadas por la Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 04.07.2024 (BOP núm. 129 do 05.07.2024),

RESOLVO

Primeiro. Autorizar o gasto total de **SETENTA E CINCO MIL EUROS (75.000,00€)**, gasto imputable á aplicación orzamentaria **41.4412.77902** que supón a convocatoria de axudas públicas en concorrência competitiva para titulares dunha licenza de taxi concedida polo Concello da Coruña para financiar GPS, biombos, axudas para vehículos con combustibles alternativos, taxis adaptados e instalación de equipos de comunicación implementados sobre novas tecnoloxía. A cantidade global para esta convocatoria poderá ser incrementada sen que se requira nova aprobación, en caso de tramite a modificación orzamentaria que incremente o crédito dispoñible. A efectividade da contía adicional queda condicionada á declaración da dispoñibilidade de crédito e á correspondente resolución de modificación da contía da convocatoria.

Segundo. Aprobar a convocatoria pública de subvencións para titulares de licenza de auto-taxi outorgada polo Concello da Coruña para adquirir vehículos eléctricos, vehículos con autonomía estendida, híbridos enchufables, híbridos, glp, gas natural e demais de combustible alternativo, para a instalación de medios de seguridade (biombos e GPS) e para adquirir vehículos destinados a Eurotaxi, que prestan servizo a persoas con diversidade funcional, polas cantidades que a continuación se indican e nas condicións que se detallan nas bases reguladoras da concesión das devanditas axudas, documento (código de verificación 4U1A 3I6H 5813 4X15 0386 para a versión en galego e código de verificación 6M27 1J64 4Z44 221T 0K1V para a versión en castelán) que figura no expediente, segundo as normas contidas na Ordenanza Municipal específica de subvencións do Servizo de Mobilidade Urbana (BOP nº 47, de data 26 de febreiro de 2008).

- **TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00 €)** por vehículo eléctrico.
- **DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00€)** por vehículo con autonomía estendida, vehículo híbrido enchufable e vehículo híbrido.
- **TRES MIL CINCOCENTOS EUROS (3.500,00€)** por vehículo destinado a Eurotaxi, para persoas con diversidade funcional.
- **MIL EUROS (1.000,00€)** por vehículo a glp, gas natural e demais de combustible alternativo.
- **CENTO CINCUENTA EUROS (150,00€)** pola instalación de medios de seguridade (biombos e GPS).

Terceiro. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o extracto da convocatoria.

Cuarto. Publicar nas webs municipais a presente resolución, xunto co texto íntegro das bases reguladoras da convocatoria e os requisitos que han de reunir as persoas beneficiarias da subvención.

A Coruña, na data da sinatura dixital deste documento

Por delegación da Xunta de Goberno Local (sesión do 04.07.2024, BOP 129 do 05.07.2024)
A concelleira delegada de Infraestruturas e Mobilidade